XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15703 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es

galicia

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA DO ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

1. Antecedentes e memoria xustificativa.

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuo deportivo benéficas. De acordo con iso e como resultado do Acordo Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Real decreto 228/1985, do 6 de febreiro, polo que se concretan as competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xogo.

En virtude do anterior, aprobouse a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia.

Coa finalidade de dar resposta a moitos dos cambios substanciais na concepción tradicional do xogo, tiveron lugar as correspondentes modificacións legais e se aprobaron tamén os regulamentos de desenvolvemento dos distintos tipos de xogos. Malia o anterior, e tendo en conta a antigüidade da vixente lei, non se considera suficiente efectuar novas modificacións, senón que resulta preciso elaborar un novo marco xurídico mediante a aprobación dunha nova lei que, con visión de conxunto e criterio de unidade, recolla no seu articulado as directrices básicas ás que debe axustarse a planificación e ordenación do xogo, para que, tendo en conta as características propias, permita a formación dunha política axustada ás circunstancias sociais, económicas e administrativas da nosa Comunidade e, en definitiva se adapte ás novas realidades sociais existentes no sector dos xogos.

A entrada en vigor da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, que foi trasposta ao ordenamento xurídico español pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, e ao galego pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, require dunha nova regulación do réxime de autorización administrativa. Na mesma liña se sitúa a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15703 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es

A actividade de xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha regulación por parte da Administración que estableza mecanismos que ofrezan seguridade ás persoas participantes nos xogos, garantan a protección das persoas menores de idade, a aquelas persoas que o precisen por motivos de saúde e que permitan velar pola orde pública e o desenvolvemento regular dos xogos evitando o fraude.

A especial protección da saúde e a seguridade das persoas consumidoras dos xogos, a garantía da orde pública e impedir o fraude na actividade de xogo, son razóns imperiosas de interese xeral que xustifican o réxime de autorización previa para o acceso e o exercicio das actividades económicas que se prevén nesta lei, posto que o control a posteriori non garante o cumprimento destes obxectivos que se entenden obrigatorios para a Administración. Idénticas razóns xustifican os efectos desestimatorios, con carácter xeral, do silencio administrativo e a exixencia do resto de requisitos previstos nesta materia.

2. Estudo económico

As novas medidas que incorpora o texto legal e que poderían abarcar aspectos económicos serían as medidas de planificación de establecementos de xogo e as novas políticas de prevención que inclúen a creación dun Observatorio de Xogo.

Respecto ás medidas de prevención, o propio texto legal establece que o 15% dos ingresos derivados da imposición das sancións establecidas nesta lei destinaranse a financiar actividades dirixidas á prevención do xogo patolóxico e de asistencia ás persoas con problemas de xogo, para o cal xerarán crédito nos respectivos orzamentos da Administración Sanitaria.

Con respecto á creación do Observatorio de Xogo a posta en funcionamento deste requirirá financiación específica con cargo aos orzamentos da consellería con competencias en materia de xogo e o seu importe pode variar tendo en conta as funcións que se lle atribúan no correspondente desenvolvemento regulamentario. En todo caso, a propia norma xa establece que o 10% dos ingresos derivados da imposición de sancións irán destinados ao financiamento do Observatorio de Xogo.

A implantación de medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de establecementos de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia suporá unha minoración no ingreso das taxas administrativas derivadas da conseguinte tramitación de expedientes administrativos relativos ás devanditas

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15703 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es

autorizacións de instalación aínda que resulta imposible coñecer cal sería esa diminución en números reais para os vindeiros exercicios económicos.

Con respecto á taxa fiscal que derive da explotación dos ditos establecementos non se verá afectada a priori, xa que o número de establecementos de xogo existentes permanecerán operativos e a planificación establecida neste decreto limita a súa instalación para o futuro pero non impide que os que se atopan en funcionamento continúen coa súa actividade.

Non se reducen as contías das sancións económicas e incluso se elimina a sanción de apercibimento co que a mínima sanción posible pasa a ser de 100 euros.

Aos efectos de facer unha estimación do custo económico derivado da planificación que especifica o texto legal respecto dos establecementos de xogo e como poderían afectar ás taxas administrativas, debemos ter en conta os seguintes datos:

A) Número de autorizacións de salóns de xogo e de tendas de apostas concedidos:

2014 - 1 salón de xogo e 12 tendas de apostas
2015 – 3 salóns de xogo e 4 tendas de apostas
2016 – 1 salón de xogo e 7 tendas de apostas
2017 – 8 salóns de xogo e 13 tendas de apostas
2018 – 13 salóns de xogo e 7 tendas de apostas
2019 – 8 salóns de xogo e 0 tendas de apostas

Tamén temos que ter en conta que neste exercicio 2019 existen 21 expedientes de autorizacións de salóns de xogo que deben solicitar o permiso de apertura entre este ano 2019 e o seguinte 2020 e que xa foron tidos en conta para fixar o límite de 118 que figura no texto do proxecto de decreto polo que as taxas correspondentes a eses permisos de apertura se terán que ingresar igualmente.

B) Importe das taxas administrativas derivadas dos expedientes afectados pola limitación establecida no proxecto de decreto

Taxa 30.09.01 (Autorización de instalación de salón de xogo)

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15703 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es

2019 – 2.719,09 euros
2018 – 9.145,74 euros
2017 – 6.994,11 euros
2016 - 1.674,12 euros
2015 – 751,09 euros
2014 – 300,63 euros

Taxa 30.09.02 (Permisos de apertura de salóns de xogo)

2019 – 1.186,26 euros
2018 – 5.832,65 euros
2017 – 2.742,26 euros
2016 – 1.525,76 euros
2015 - 1.033,24 euros
2014 – 381,44 euros

Respecto da taxa por autorización de tendas de apostas, é dicir, a taxa 30.51.03 engloba varios supostos que non se verán afectados polo decreto de planificación. Tendo en conta o número de tendas de apostas autorizadas nos distintos anos e o importe da taxa correspondente poderíase facer a seguinte estimación:

2019 – 0 euros
2018 – 7.140 euros
2017 – 13.130 euros
2016 – 7.000 euros
2015 – 4.000 euros
2014 – 12.000 euros

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019
Director xeral de Emerxencias e Interior



Santiago Villanueva Álvarez